

PROGRAMA DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL PARA FAMILIAS – 2011 -

Concepto:

A Fundación Pedro Barrié de la Maza, en colaboración coas cinco Cáritas Diocesanas de Galicia, pon en marcha en 2011 un Programa de Axudas de Emerxencia Social, dirixido a familias afectadas pola situación de "nova pobreza" xerada pola actual crise económica.

Este novo programa pretende resarcir os custos de familias cuxa situación económica empeorase de maneira significativa por mor da perda de traballo dun ou máis membros da familia, coa finalidade de que poidan afrontar gastos fixos mensuais relacionados coa alimentación, educación ou sanitarios. Apoiarase tamén a formación e inserción laboral mediante a participación dos beneficiarios das axudas nos programas de emprego de Cáritas.

Obxetivos e financiamento:

En virtude dun convenio de colaboración asinado entre a Fundación Pedro Barrié de la Maza e Cáritas Española, a Fundación márcase como obxectivo axudar ás familias afectadas pola crise económica. Pola súa parte Cáritas aporta recursos humanos e infraestructuras para a xestión e concesión destas axudas.

Persoas beneficiari@s:

Familias residentes en Galicia, cuxa situación económica se vise afectada de maneira significativa, por mor fundamentalmente da perda de traballo dun ou máis membros da mesma.

Requisitos e documentación:

- Perda de traballo dalgún membro da unidade familiar sobrevido a partir de xaneiro de 2008, que se deberá acreditar (tarxeta de emprego, certificado de vida laboral,...)
- Libro de Familia.
- Poderá requirirse outra documentación complementaria se for necesario.

Prazo: ata o 31 de decembro de 2011.

Máis información:

CÁRITAS DIOCESANA DE TUI-VIGO

Avda. García Barbón, 104 bajo 36201 Vigo

Teléfono 986 443 310| caritas.cdtui-vigo@caritas.es

FUNDACIÓN PEDRO BARRIÉ DE LA MAZA

Sede Vigo. Policarpo Sanz, 31. 36202 Vigo. Teléfono 986 110 222

En Arcade a 28 de febreiro de 2011

A Traballadora Social do CIM